

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E A FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA A REALIZACIÓN DA SEGUNDA EDICIÓN DO COWORKING "EMPRENDEMENTO DE PROXECTOS CULTURAIS E ARTÍSTICOS NO RURAL"

En Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, **FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**, con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia, situada en Santiago de Compostela (A Coruña), Monte Gaiás s/n, e provista do NIF G15721640.

Está representada neste acto por D^a. Ana Isabel Vázquez Reboredo, en calidade de Directora Xerente, cargo para o que foi nomeada na sesión do Padroado de 16 de decembro de 2016, actuando no exercicio do seu cargo en función das atribucións que lle confire o Padroado da dita Fundación.

E doutra parte, **FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA** con sede social en A Coruña, Praza de María Pita, 17, e provista do NIF G- 15798655.

Está representada neste acto por D^a M^a Sandra Ortega Mera, na súa condición de Presidenta do Padroado da Fundación Paideia Galiza con carácter vitalicio conforme aos poderes outorgados ao efecto polo Padroado da Fundación na sesión do 9 de setembro de 2013.

Interven en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro- Que a **Fundación Cidade da Cultura de Galicia** foi constituída o 27 de decembro de 1999 como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73.



Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

Segundo- Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia ostenta a titularidade da "Cidade da Cultura de Galicia" (CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico e cultural, deseñado por Peter Eisenman, situado no monte Gaiás en Santiago de Compostela. A CdC inclúe diversas edificacións, infraestruturas, viais e zonas verdes, representando en conxunto un proxecto estratéxico de gran importancia dentro da vida cultural da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social *"a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural"*.

Para a consecución dos fins mencionados no punto anterior, e consonte o previsto no artigo 7 dos seus Estatutos, a FUNDACION pode realizar (en outras) as seguintes actividades:

- "a) As necesarias para converterse nun actor clave na **difusión cultural**, que sirva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.*
- b) As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.*
- c) As tendentes a propiciar o achegamento da Cidade da Cultura de Galicia dun xeito físico á cidadanía, servindo como espazo de desenvolvemento de actividades non estritamente culturais, con especial énfase no lecer, o contacto coa natureza e o deporte.*
- d) **Cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou a cultura de base.***
- e) As que fomenten **a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.***
- f) As axeitadas para **posicionar o Gaiás como referente internacional de reflexión, debate e formación no ámbito da innovación na xestión cultural, que contribúa á profesionalización dos diferentes axentes e das súas iniciativas.***
- g) **As que impulsen o Emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos***



sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.

h) As actividades e accións que contribúan a converter á Cidade da Cultura de Galicia nun proxecto economicamente sostible e socialmente rendible, incorporando novos socios estratéxicos, tanto públicos como privados, e diversificando as fontes de financiamento para acadar a sustentabilidade do proxecto con independencia do ciclo económico."

Terceiro- Que a **Fundación Paideia Galiza** foi constituída en 1986, como unha Fundación de interese galego, sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio queda afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da Fundación.

A Fundación ten por finalidade e obxecto permanente:

a) A atención, formación, orientación, documentación, estudo e investigación ou calquera outra forma de intervención nos campos das ciencias humanas e sociais.

b) A atención, formación, orientación, documentación, estudo e investigación ou calquera outra forma de intervención na problemática xerada por calquera tipo de exclusión social.

*c) A **promoción e realización de actividades de interese educativo, cultural, científico, deportivo, sanitario, de cooperación para o desenvolvemento, de fomento da economía social**, de conservación do medio ambiente, de promoción do voluntariado ou outras de análogo interese humano e social.*

*d) A **promoción e desenvolvemento de accións dirixidas a impulsar o emprendemento**, promovendo a creación de empresas, de proxectos innovadores e a xeración de empregos...*

A FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA é impulsora da segunda edición do coworking "EMPRENDEMENTO DE PROXECTOS CULTURAIS E ARTÍSTICOS NO RURAL", conxuntamente coa Escola de Organización Industrial-EOI.

Cuarto.- Que hai que salientar a importancia de "crear alianzas a favor da cultura e do emprego en Galicia"; neste caso, que beneficien o emprendemento cultural e artístico sustentable no rural, como apoio á cultura, o patrimonio e a arte como clave para a consolidación do emprendemento rural, revitalizando a comunidade e creando oportunidades para persoas e colectivos nos territorios de Galicia.

O Gaiás está intimamente ligado ao fomento do Emprendemento e das Industrias Culturais en toda a súa extensión, programando actividades formativas e de asesoramento, con especial énfase en proxectos que favorezan o crecemento económico e a creación de emprego, actuando como elementos vehiculares na transmisión da identidade cultural, aspecto este esencial na difusión e promoción da diversidade cultural e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido.

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia concíbese como unha plataforma de proxectos para o desenvolvemento da cultura e da sociedade galega; crea oportunidades e dinamiza o conxunto do sistema cultural galego a través do impulso e a proxección cultural no seu sentido amplo, innovador e internacional.



Este tipo de actividade da Fundación deriva do *II Plan Estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia*, aprobado polo Consello da Xunta.

Neste sentido, no seu plan de actividades, indícase como pilar estratéxico da actividades do Gaiás, o *"Fomento da colaboración con proxectos comúns con entidades presentes na Cidade da Cultura: Aproveitar a oportunidade única que se dá no Gaiás, coa presenza de entidades e institucións vinculadas á promoción das Industrias Culturais, ao emprendemento creativo, ao desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, á investigación e a educación para elaborar proxectos conxuntos, a través da hibridación de estratexias e eixes de actuación comúns. Unha fortaleza única na Cidade da Cultura, que non se dá noutros centros de referencia e ten a potencialidade para converterse en elemento de identidade diferencial."*

O II Plan Estratéxico fixa como liña de acción para o período 2022-2027, a seguinte:

Acción 1.7.3 Programación regular de emprendemento

Relación co marco estratéxico	OE 3. Impulsar os procesos de investigación, innovación e formación no sistema cultural galego. OO 3.2 Impulsar iniciativas innovadoras de apoio ao talento, aos emprendedores e aos creadores.
Xustificación da necesidade	A Cidade da Cultura foi pioneira na promoción do emprendemento cultural e creativo en Galicia, sendo quen de aglutinar e colaborar con entidades relevantes neste eido de Galicia e España. Cómpre manter este posicionamento e continuar co apoio a novos proxectos emprendedores.
Obxectivos	- Continuar co posicionamento da Cidade da Cultura como unha entidade relevante no eido do emprendemento cultural e creativo, engadindo novas accións neste eido e no da innovación social e o seu vínculo cos ODS, a través de programas propios ou colaboracións con entidades. - Colaborar con entidades do eido da promoción económica e emprendemento. - Mellorar a taxa de supervivencia das novas empresas culturais e creativas galegas.
Descrición da acción	Encontros profesionais, xornadas informativas e de mentorización e soporte, a desenvolver en colaboración con entidades con competencias neste eido. Nesta nova etapa, procurarase centrar a actividade en proxectos e novas empresas culturais e creativas, prestando servizos de valor máis aló de ser unha solución espacial.



Tarefas	- Programas actividades en colaboración cos socios estratéxicos. - Executar un paquete de medidas coordinado de apoio ao emprendemento no eido cultural e creativo
---------	--

Dado que a segunda edición do coworking "EMPRENDEMENTO DE PROXECTOS CULTURAIS E ARTÍSTICOS NO RURAL", é unha formación aberta para proxectos culturais/artísticos de todo o territorio galego, a Cidade da Cultura de Galicia se converte no espazo idóneo, tanto pola súa centralidade territorial como polo seu significado en termos de promoción e apoio á Cultura. Cabe destacar ademais, que o alumnado participante na formación poderá igualmente acceder ás actividades da Cidade da Cultura que poidan repercutir na súa formación. Con este convenio asegúrase así a realización de diversas actividades tendente ao promoción do Emprendemento Cultural. Así mesmo, cabe sinalar que o espazo de Cotraballo ubicado na planta -1 do CEM está destinado para iniciativas culturais emprendedoras, pero, atendendo á convocatoria realizada no mes de outubro, actualmente non hai seleccionados (ni se prevén) para ocupar ditos espazos durante o período no que se celebrará a segunda edición do coworking "EMPRENDEMENTO DE PROXECTOS CULTURAIS E ARTÍSTICOS NO RURAL".

Polo tanto, a colaboración coa FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA na segunda edición do coworking "EMPRENDEMENTO DE PROXECTOS CULTURAIS E ARTÍSTICOS NO RURAL", aínda que póla súa propia natureza non da lugar á realización de investimentos reais, pois non se poden materializar en activos, sen embargo si poden considerarse como investimentos de carácter inmaterial pois están incrementando o valor das actuacións realizadas nunha materia directa ou indirectamente relacionada tanto coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (á que está adscrita a Fundación Cidade da Cultura de Galicia) e a propia Fundación Cidade da Cultura de Galicia. Polo tanto, coa sinatura do convenio se está a adquirir un activo inmaterial para o sector público autonómico.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto deste convenio, a colaboración de ambas partes para a realización na Cidade da Cultura de Galicia da segunda edición do coworking "EMPRENDEMENTO DE PROXECTOS CULTURAIS E ARTÍSTICOS NO RURAL" impulsado Fundación Paideia Galiza, para o desenvolvemento de actividades formativas e de titorización de proxectos emprendedores culturais/artísticos de todo o territorio galego.



SEGUNDA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA

A FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA correspóndelle:

1. Realización da convocatoria ou edición do segunda edición do coworking "EMPRENDEMENTO DE PROXECTOS CULTURAIS E ARTÍSTICOS NO RURAL".
2. Formación no marco dun espazo de traballo colaborativo mediante o desenvolvemento de talleres de formación para potenciar o desenvolvemento de competencias de emprendemento e en xestión de proxectos seleccionados.
3. Proceso de titorización particular aos proxectos seleccionados.
4. Realización de diferentes eventos co obxectivo de favorecer o networking entre os emprendedores e demais axentes do ecosistema emprendedor cultural e artístico, integrándoos coas actividades da Cidade da Cultura de Galicia.
5. Facerse cargo, de ser o caso, dos custes relativos ao persoal técnico necesario para manexar os equipos audiovisuais do espazo cedido, para o cal deberá contactar previamente co Departamento de Eventos da Cidade da Cultura de Galicia.
6. Destinar o espazo ocupado ao uso para o que se reserva, non podendo ser utilizado para o desenvolvemento de actividades distintas ou daquelas outras que non estean expresamente autorizadas, por escrito, pola Fundación.
7. Identificación, dando traslado á Fundación, de calquera persoa que acceda ou permaneza nos espazos cedidos na Cidade da Cultura de Galicia. A Fundación se reserva o dereito a denegar a admisión ao centro de calquera persoa que poida ser considerada prexudicial para a seguridade do complexo, dos edificios ou dos seus ocupantes.
8. Respetar as normas establecidas pola Fundación Cidade da Cultura, en materia de estética do edificio, identidade corporativa, horarios e outra normativa de uso que se poida esixir.
9. Respetar as normas de hixiene e preventivas que a Fundación poida establecer. En particular, Fundación Paideia Galiza obrígase a non introducir nin depositar no local cedido materiais nocivos, insalubres ou perigosos ou calquera outros que, pola súa natureza ou manipulación, poidan producir molestias ou malos olores.
10. Non realizar, sen autorización previa, expresa e por escrito, da Fundación, no espazo ocupado nin nas zonas de servizos comúns, ningunha



clase de obras de reparación, conservación ou mellora. En todo caso, á finalización da ocupación, Fundación Paideia Galiza entregará o espazo limpo e co equipamento e mobiliario, nas mesmas condicións nas que lle foron entregados.

11. Conservar en perfecto estado de funcionamento e seguridade, tanto o espazo ocupado coma o seu equipamento e instalacións fixas de electricidade, rede de datos e telefonía.

12. Contar cun seguro que cubra de forma suficiente os danos que se poidan producir nas instalacións cedidas á Fundación Paideia Galiza tanto a bens propios ou de terceiros, cando ditos danos no sexan consecuencia de actos ou omisións imputables á Fundación ou a terceiros dependentes da mesma.

13. Non ceder, subarrendar nin traspasar, de forma total ou parcial a terceiros, o espazo ocupado para outra finalidade que non sexa o obxecto deste convenio. Así mesmo, a extinción do convenio polo transcurso do termo convido, non dará dereito á Fundación Paideia Galiza a indemnización ningunha a cargo da Fundación.

14. Fundación Paideia Galiza deberá contar en todo momento coas Licenzas Administrativas tanto locais e autonómicas coma estatais, que amparen a totalidade das actividades que desenvolva, e deberá cumprir fielmente a normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais e canta sectorial exista en materia de seguridade e deberá satisfacer a totalidade dos tributos que por calquera concepto graven a súa actividade. Serán de conta e risco de Fundación Paideia Galiza a obtención dos permisos e licenzas que resulten necesarios para a apertura e o desenvolvemento da súa actividade, sendo ao seu cargo todos os impostos, arbitrios e demais contribucións que se impoñan, correspondentes ao negocio ou por razón deste.

15. Fundación Paideia Galiza obrígase a permitir o acceso ao espazo, ao persoal asignado pola Fundación, e aos operarios ou industriais mandados por esta, para a realización, inspección e comprobación de calquera clase de obras ou reparacións que afecten ao espazo cedido, dentro do horario normal de apertura. En caso de urxencia ou forza maior, poderá tamén a Fundación, por si ou por medio de persoas autorizadas, acceder ese espazo fóra das horas de apertura ou funcionamento, para atender as reparacións ou revisións precisas e adoptar as medidas necesarias. Nestes casos, darase conta inmediata ao arrendatario do actuado.

16. Intermediar cos participantes no coworking, para a formalización do documento relativo ao **REGULAMENTO INTERNO DE USO DAS INSTALACIÓNS**, que se incorpora como ANEXO I a este acordo.



TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA.

Á FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA correspóndelle:

- A cesión gratuíta dos seguintes espazos, sempre vinculado ao calendario de actividades da Cidade da Cultura de Galicia;
 - **Espazo formativo (Sala Off),** nos seguintes horarios;
 - Todos os **venres do 3 de marzo de 2023 ao 27 de maio de 2023, en horario de 16:00 a 20:00 horas.**
 - **Sábado 22 de abril de 2023** de 10:00 a 14:00 horas.
 - **Sábado 27 de maio de 2023** 10:00a 14:00 horas.

A Sala dispón de acceso a internet, proxector e pantalla.

No caso de que nalgunha ou varias das datas previstas no parágrafo anterior, non fose posible a utilización do Espazo formativo (Sala Off) debido a reservas previas de dito espazo, se facilitará á Fundación Paideia Galiza outra Sala equipada con conexión a internet, proxector e pantalla para a realización da actividade obxecto do convenio. En calquera caso, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia comunicará esta circunstancia e a ubicación do novo espazo á maior brevidade posible.

Por outro lado, non estará permitido, introducir ou consumir comida ou bebida (agás auga embotellada) ou desprazar e mover do seu lugar cadeiras, mesas ou outras pezas de mobiliario.

- **Espazo de cotraballo, situado na planta -1 do CEM** e descrito no artigo 1 do regulamento de réxime interno dos espazos de Cotraballo (Emprende Cultura Gaiás) e Viveiro Gaiás ubicados no edificio Centro de Emprendemento (CEM) da Cidade da Cultura de Galicia para, no seu caso, ser usado polos participantes á formación durante o tempo que dure a proxecto formativo.

Para o funcionamento interno e normas xerais de uso do CEM (horarios, uso de buzóns de correo, normas de comportamento, utilización de espazos comúns...), concretamente no relativo ao Espazo de Cotraballo, será de obrigado cumprimento o réxime previsto no regulamento de réxime interno dos espazos de Cotraballo (Emprende Cultura Gaiás) e Viveiro Gaiás ubicados no edificio Centro de Emprendemento (CEM) da Cidade da Cultura de Galicia, a excepción dos aspectos económicos derivados como constitución de garantía ou facturación, que non resultarán de aplicación á cesión descrita ut supra. Este regulamento será de aplicación á Fundación Paideia-EOI e aos seus usuarios.



O horario de acceso ás instalacións do complexo da Cidade da Cultura de Galicia é libre, condicionado aos horarios propios da Cidade da Cultura de Galicia, que se informarán con suficiente antelación.

- Ao mantemento das instalacións cedidas. Non obstante o anterior, non será obxecto de mantemento por parte da Fundación, o equipamento propio da Fundación Paideia Galiza, a cal será responsable do mesmo.
- A contar cun seguro que cubra de forma suficiente a totalidade dos inmobles e instalacións fixas da CDC.
- Á promoción da imaxe exterior e dos valores arquitectónicos da Cidade da Cultura de Galicia, así como a xestión dos dereitos de imaxe e marca.
- A velar pola consecución e mantemento dunha imaxe institucional corporativa común e de calidade para todos os centros ou entidades que desenvolvan as súas actividades no recinto da Cidade da Cultura de Galicia.
- Ao coñecemento e a coordinación das actividades que, aínda que xestionadas por Fundación Paideia Galiza, se desenvolvan nos espazos da Cidade da Cultura de Galicia, para facilitar a información e a atención aos visitantes.
- Á autorización da sinalética no edificio onde se realizará os cursos formativos, así como no exterior, dentro do complexo da Cidade da Cultura de Galicia, para informar da/s ubicación/s onde se celebren os eventos de grande formato.

CUARTA.- OBRIGAS COMÚNS.

FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA e a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA obríganse a:

- a) Velar polo cumprimento das obrigas que resulten deste convenio, poñendo en funcionamento os mecanismos de control que permitan avaliar o seu cumprimento.
- b) Visibilidade dos logotipos propios de cada institución nos materiais promocionais utilizados para a difusión das liñas de emprendemento que cada entidade realice e considere conveniente, previa confirmación por cada parte.
- c) Difusión, promoción e publicidade dos eventos/actividades propios de cada entidade, nas redes sociais xestionadas por ambas institucións, e calquera outra canle de difusión que se considere conveniente.
- d) Programación de actividades conxuntas que repercutan obxectivamente en proxectos emprendedores.
- e) Velar polo cumprimento dos deberes que resulten deste convenio, poñendo en funcionamento os mecanismos de control que permitan avaliar o seu cumprimento.



QUINTA.- RESPONSABILIDADES

A Fundación Cidade da Cultura no se fai responsable do material de traballo que Fundación Paideia Galiza poida manter nas instalacións.

En concreto, a Fundación Cidade da Cultura non se fará responsable do roubo, perda ou deterioro de maquinaria, ferramentas, instalacións ou de calquera outro elemento, que se encontren situados dentro do espazo ocupado, sexa cal fora a causa que o produza dende o momento de vixencia do presente contrato. A vixilancia e seguridade do mobiliario e equipamento da súa propiedade serán por conta de Fundación Paideia Galiza.

De igual forma, a Fundación quedará exonerada de calquera responsabilidade que puidese resultar do exceso de ocupación por persoas do espazo cedido, que de ningún modo poderá superar a normativa en vigor nin as condicións específicas do Centro de Emprendemento obxecto do presente contrato. Fundación Paideia Galiza será o único responsable de cantos danos, tanto físicos coma materiais, poidan ocasionarse aos ocupantes e terceiros, e sexan consecuencia, directa ou indirecta, das actividades exercidas por este ou os seus dependentes e dos servizos que preste, eximindo de toda responsabilidade á Fundación.

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a Fundación Cidade da Cultura e os profesionais dependentes de Fundación Paideia Galiza que vaian desenvolver as actividades previstas no acordo, ou terceiros que colaboren na realización do obxecto do convenio, de tal xeito que non se lle poderá esixir á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do acordo.

SEXTA.- FINANCIAMENTO

O convenio non comporta gasto para ningunha das dúas partes.

No caso da Fundación, os custes repercutidos serán os ordinarios e propios da súa actividade.

No caso da Fundación Paideia Galiza, a formalización do presente convenio supón o aforro dos custos derivados da cesión gratuíta do espazo.

SETIMA.- MODIFICACIÓNS OU OBRAS NAS INSTALACIÓNS.

Salvo que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia o autorice previamente, por escrito, non se permitirán obras ou modificacións das instalacións cedidas temporalmente á Fundación Paideia Galiza.

Non se permite a colocación de elementos que modifiquen a uniformidade ou estética dos espazos cedidos, e Fundación Paideia Galiza será a único responsable de cantos danos físicos ou materiais se ocasionen ás instalación ou a terceiros, como



consecuencia directa ou indirecta da súa actividade, eximindo de toda responsabilidade a Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha Comisión de seguimento, formada, cando menos, por un representante por cada unha das partes asinantes. Esta comisión asumirá entre outras, as seguintes funcións;

- Impulsar e avaliar o seu cumprimento, definido as actuacións que se consideren precisas para tal finalidade.
- Interpretar, en caso de dúbida, o seu contido.

A comisión reunirase as veces que as partes estimen oportuno, para mellor cumprimento e execución deste acordo, e por iniciativa de calquera delas, convocándose por escrito cun antelación mínima de 1 semana, agás que se considere de urxencia, en cuxo caso deberá reunirse no prazo de 48 horas.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, do capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

NOVENA.- VIXENCIA.

Este acordo entrará en vigor ao día da súa sinatura, e estenderá a súa vixencia ata o **27 de maio de 2023**.

O acordo conservará a súa vixencia no caso de que varíen a denominación, razón social o natureza xurídica de calquera das entidades convenientes, sempre que as sucedan outras entidades que asuman as competencias sobre os espazos e as materias obxecto deste convenio.

DECIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Serán causas de resolución do presente acordo:

1. Polo transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
2. Por acordo unánime das partes.
3. Por incumprimento por algunha das partes de calquera das cláusulas establecidas no presente Convenio. Calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra en quince (15) días coas obrigacións ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable da Comisión de Seguimento establecida na cláusula quinta do presente documento. Se transcorrido o prazo indicado persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás



partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase por resolto o convenio.

4. Por decisión de calquera das partes, se sobreviñesen causas que impedisen ou dificultasen de forma significativa a execución do Convenio, e sempre que sexa comunicado por escrito ás outras partes cunha antelación mínima dun mes.

5. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.

6. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no Convenio ou noutras leis.

7. As disposicións normativas ou, de ser o caso, acordos polos que extingan as partes ou se dispoñan outros usos para a Cidade da Cultura de Galicia.

A resolución por incumprimento de Fundación Paideia Galiza extingue o dereito deste a reclamar indemnización algunha por ningún concepto.

UNDECIMA.- PUBLICIDADE

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente acordo de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do acordo .

DUODÉCIMA.- RESPONSABILIDADE DAS ACTUACIÓNS

A formalización deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entro os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Fundación, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS E CONFIDENCIALIDADE

As partes intervinientes manifiestan ter sido informadas, respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o adecuado desenvolvemento deste convenio, conforme ao disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (en diante, RXPd). A lexitimación para o tratamento dos datos seus datos, será a execución do presente contrato.



No caso de que, no ámbito deste convenio, os intervenientes se facilitasen respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados para o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados.

Ambas as partes comprométense a dar cumprimento á normativa vixente en cada momento de protección de datos persoais, de conformidade co especificado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección dos datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, RXPd), a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa concordante que sexa de aplicación. No caso de que, para a realización do obxecto do presente convenio, fora necesario que calquera dos asinantes accedese a datos persoais dos que resultase responsable a outra parte, darán cumprimento ás obrigas previstas no artigo 28 do RXPd, e en ningún caso os aplicarán ou utilizarán para fins distintos ao obxecto do presente convenio.

As partes intervenientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle foran confiados para a formalización do convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obriga de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;

Considerarase información confidencial aquela á que os intervenientes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información

2. Deber de confidencialidade das partes intervenientes no convenio

As partes intervenientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle foran confiados para a formalización do



convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigaón de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;

Considerarase información confidencial aquela á que os intervenientes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.

DÉCIMO CUARTA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO QUINTA.- NATUREZA XURÍDICA DO CONVENIO E XURISDICIÓN APLICABLE

O presente Convenio está excluído do ámbito de aplicación Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español ás directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, segundo dispón o artigo 6 desta normativa.

A natureza xurídica do convenio é netamente patrimonial. A normativa aplicable ao convenio é a do dereito privado con independencia de que deben terse en conta os



principios recollidos Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común e á Lei 40/2015, do 1 de outubro, o é en canto aos principios de funcionamento. Igualmente será de aplicación a Lei 5/2011, de 30 de setembro so aos efectos dos principios sinalados na mesma.

As cuestións litixiosas xurdidas na aplicación do presente acordo serán resoltas pola xurisdición civil.

E para que así conste e para os efectos oportunos, ambas as partes subscriben o presente contrato, en sinal da súa conformidade con este, no lugar indicado no encabezamento e na data da última sinatura dixital.

Pola Fundación Cidade da Cultura Por Fundación Paideia Galiza

Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora Xerente

M^a Sandra Ortega Mera
Presidenta do Padroado



Anexo I. Documento a formalizar polos usuarios do espazo de Cotraballo

Espazo Coworking Fundación PAIDEIA GALIZA-EOI-CIDADE DA CULTURA DE GALICIA REGULAMENTO INTERNO DE USO DAS INSTALACIÓNS

Previa. - DEFINICIÓNS

FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA cede e pon ao dispor da Fundación Paideia os espazos, infraestrutura e equipamento adecuado para o desenvolvemento dun COWORKING /Edición Coworking. Para ese efecto, Entidade Colaboradora, será a responsable do Centro (espazos e equipos cedidos)

A firma do presente documento implica a aceptación do uso das instalacións nos termos e condicións que a continuación se sinalan, obrigándose o PARTICIPANTE ao seu cumprimento

ARTIGO 01: O Espazo Coworking FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA-EOI-CIDADE DA CULTURA DE GALICIA (en diante, Coworking PAIDEIA-EOI-CIDADE DA CULTURA) é un espazo individual común de traballo, e como tal debe ser usado. Debe imperar a orde e o respecto cara aos demais Usuarios e cara aos seus bens.

ARTIGO 02: O Usuario recibe o espazo individual de traballo en perfecto estado e equipado co mobiliario básico de traballo, que consta dos seguintes elementos:

- Cadeira
- Mesa
- Conexión a internet mediante wifi

O Usuario debe manter o equipamento en condicións óptimas. O usuario responde de todos os danos que poida ocasionar tanto no equipamento como nas instalacións e zonas comúns do espazo individual común de traballo e do edificio onde este se atope situado.

ARTIGO 03: Con carácter xeral o desenvolvemento do Programa realizarase os venres do 3 de marzo de 2023 ao 27 de maio de 2023, en horario de 16:00 a 20:00 horas. Ademais do sábado 22 de abril e 27 de maio de 2023, de 10:00 a 14:00 horas.

Os responsables do Coworking PAIDEIA-EOI-CIDADE DA CULTURA resérvanse o dereito para modificar devanditos horarios, previo aviso aos Usuarios.

ARTIGO 04: Os Usuarios recibirán un equipamento básico do espazo individual de traballo (cadeira, mesa e conexión a internet mediante wifi), ata **o 27 de maio de 2023**, podendo incorporar aquel equipamento extraordinario que necesiten, ao seu



cargo e custo, previa autorización da dirección. O Coworking PAIDEIA-EOI-CIDADE DA CULTURA non se fai responsable do equipamento extraordinario que poidan incorporar os Usuarios.

O Usuario deberá deixar libre o espazo individual de traballo antes de finalizar o **27 de maio de 2023**, entendéndose que, en caso de non facelo, todos os obxectos que non retirase do seu espazo de traballo terán a consideración de obxectos abandonados.

ARTIGO 05: O uso da conexión a Internet é exclusivo para os fins da formación. Prohíbese expresamente o seu uso con outros fins distintos, tales como descarga de contidos, lecer e calquera outro uso que non teña finalidade laboral, respondendo o Usuario de todos os danos, prexuízos, infraccións, sancións e demais consecuencias que puidesen derivarse dunha incorrecta utilización da conexión a Internet.

ARTIGO 06: O uso de cada espazo individual de traballo é persoal e intransferible. O Usuario non poderá ceder o seu espazo a terceiras persoas sen o consentimento expreso dos responsables do Coworking PAIDEIA-EOI-CIDADE DA CULTURA.

Así mesmo, os responsables do Coworking poderán restrinxir o acceso e a entrada dos Usuarios a determinados espazos privados das instalacións cedidas.

ARTIGO 07: As visitas de clientes, colaboradores ou calquera outra persoa que non sexa o titular do espazo individual de traballo, terán lugar, previa reserva, nas salas que existen para este uso na sede do Coworking, a condición de que ditas salas estean dispoñibles. Os Usuarios serán os encargados de que as visitas utilicen as instalacións de forma adecuada, e responderán fronte ao Coworking de todos os danos e prexuízos que estas visitas ocasionen ao Centro ou a terceiros.

ARTIGO 08: A fin dunha óptima xestión das salas anteriores, realizarase a reserva das mesmas con 24 horas de antelación.

ARTIGO 09: O Usuario das salas de reunións é responsable de cuantos danos a persoas ou cousas se produzan e sexan consecuencia da súa utilización, eximindo de toda responsabilidade ao Coworking PAIDEIA-EOI-CIDADE DA CULTURA DE GALICIA.

ARTIGO 10: O Usuario non poderá, en ningún caso, utilizar a imaxe corporativa, logotipos, webs, ou calquera outro elemento ou obxecto relacionado co Coworking PAIDEIA-EOI-CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, salvo expreso consentimento ou autorización previa dos responsables do Coworking.

ARTIGO 11: O usuario acepta as condicións do presente documento e declara que utiliza as instalacións como un lugar físico para desenvolver actividades que teñan relación directa co seu obxecto social ou profesión, quedando o Coworking exento de responsabilidade (xurídica, económica, social ou de calquera outra clase) relacionada coas actividades que os Usuarios realicen no Espazo Coworking PAIDEIA-EOI-CIDADE DA CULTURA DE GALICIA



O Coworking queda exento de cantas responsabilidades poidan xurdir como consecuencia das actividades profesionais dos Usuarios. O Usuario declara que estas actividades non implican en nada ao Coworking. Os Usuarios son empresas, persoas físicas, xurídicas, organizacións ou entidades doutro tipo, con obxectos sociais e actividades independentes, sen que teñan relación co Coworking PAIDEIA-EOI-CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

O Coworking non será responsable en ningún caso das actividades ilegais, contrarias á orde pública ou de dubidosa legalidade, que empresas, particulares ou outros poidan realizar nas súas instalacións, sendo causa tal situación de resolución de contrato, reservándose o Coworking o dereito para emprender accións legais contra o ou os responsables das devanditas actividades. O Coworking non colabora, por defecto, con ningún Usuario sito no espazo individual común, limitándose a súa responsabilidade á que puidese derivarse da cesión dun ou varios espazos individuais de traballo.

ARTIGO 12: Os Usuarios non poderán establecer o seu domicilio particular, social ou fiscal na do Coworking PAIDEIA-EOI-CIDADE DA CULTURA DE GALICIA onde se sitúa o espazo individual de traballo.

ARTIGO 13: Tendo en conta as características de cada espazo individual de traballo no que se desenvolve a actividade, diáfano e carente de separación e pola tanto de calquera tipo de illamento (acústico, visual, ...) dos outros Usuarios, queda baixo responsabilidade de cada Usuario o respecto da protección de datos. Por tanto, os Usuarios non poderán, en ningún caso, comunicar a terceiras persoas, integrantes ou non do espazo Coworking PAIDEIA -EOI-CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, informacións, comentarios ou comunicacións xerais, suxeitas á protección de datos ou podendo ser cualificadas como privadas, expostas polos usuarios do Espazo Coworking nas súas instalacións. O quebrantamento desta privacidade propia de cada membro do Espazo Coworking PAIDEIA -EOI-CIDADE DA CULTURA DE GALICIA dará pé ás reclamacións legais pertinentes.

A aceptación do presente documento supón o respecto, aceptación e aplicación de confidencialidade sobre calquera información (auditiva, visual ou de calquera outro tipo) extraída das instalacións do Coworking PAIDEIA -EOI-CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

ARTIGO 14: O Coworking PAIDEIA -EOI-CIDADE DA CULTURA DE GALICIA resérvase o dereito para incorporar cantas medidas de seguridade considere oportunas, sen previo aviso aos integrantes do espazo individual común, co único fin de garantir en todo momento a seguridade dos recursos humanos, materiais ou doutro tipo que se atopen nas súas instalacións.

ARTIGO 15: Queda terminantemente prohibida a introdución de calquera animal no espazo individual, nin de forma habitual nin esporádica, exceptuando os cans-guía de persoas cegas ou con necesidades físicas e psíquicas especiais.



ARTIGO 16: As presentes normas, así como o Regulamento Interno de Espazo Coworking PAIDEIA -EOI-CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, que todo Usuario está obrigado a respectar e cumprir, poderán ser obxecto de modificación unilateralmente por parte dos responsables do Coworking coa finalidade de mellora de servizo.

ARTIGO 17: En caso de cesamento da actividade por parte do Coworking PAIDEIA-EOI-CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, o Usuario non terá dereito a ningún tipo de reclamación ou indemnización. O aviso do devandito cesamento haberase de comunicar por parte do Coworking polo menos cun mes de antelación a data de cesamento de actividade.

D. _____ do
proxecto _____ coñece e acepta este
Regulamento interno de uso das instalacións do Espazo Coworking PAIDEIA-EOI-
CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

Asinado:

Data:

